

SESIÓN ORDINARIA DO COMITÉ DE CALIDADE DA ESCOLA DE DOUTORAMENTO INTERNACIONAL DA USC (EDIUS) DO DÍA 14 DE MAIO DE 2024.

Dá comezo a xuntanza ás 9:30 horas, coa orde do día indicada e coa presenza dos seguintes membros: Fraga Carou Isabel, Montes Martinez Agustin, Neira Gomez Maria Isabel, Taboada Antelo Pablo. Rodil Rodriguez Eva, Fernandez Escribano Jose Angel, Cifuentes Martinez Jose Manuel, Vilavedra Fernandez Dolores, García Ángel e López Gómez Carolina

ORDE DO DIA

1. Aprobación acta anterior
2. Informe do equipo directivo da EDIUS
3. Informe de viabilidade das modificacións memorias dos programas de doutoramento para a súa implementación no curso académico 2025/26.
4. Asuntos de trámite
5. Rogos e Preguntas

1. Aprobación, se procede, da acta anterior

Acta da Comisión do día 14/06/2023.

2. Informe do equipo directivo da EDIUS

Entre os programas de doutoramento que solicitaron a modificación da súa memoria de verificación desistiron os seguintes:

- Desenvolvemento Rexional e Integración Económica
- Endocrinoloxía
- Filosofía
- Innovación en Seguridade e Tecnoloxías Alimentarias
- Investigación Agraria e Forestal
- Investigación Clínica en Medicina
- Investigación e Desenvolvemento de Medicamentos
- Medicina Molecular

Recibimos os informes provisionais da ACSUG dos seguintes programas en proceso de modificación para a súa implantación no curso 2024/25.

- Desenvolvemento Rural e Civil
- Educación.
- Epidemioloxía e Saúde Pública
- Estudos da Literatura e da Cultura
- Investigación en Tecnoloxías da Información
- Marketing Político

En todos eles se lles require:

- incluír información sobre o desenvolvemento das actividades formativas ou un itinerario específico para o curso estudantes a tempo parcial.
- proporcionar información sobre a porcentaxe de doutorandos/as que conseguiron axudas predoutorais.
- Recursos Humanos. No informe deberá incluírse información sobre o perfil necesario para a participación dos expertos internacionais no programa de doutoramento.

A EDIUS axudará os programas a incluír os indicadores solicitados

O novo regulamento de estudos de doutoramento será enviado a Consello de Goberno de novo este mes despois de considerar as alegacións presentadas no anterior Consello.

Dende o equipo de dirección estase a traballar en recoller a documentación para a acreditación institucional da EDIUS, estase a tratar de borrador de Plan Estratéxico acorde co Plan da USC, requisitos para implantar o sistema interno de garantía de calidade da Escola.

3. Informe de viabilidade das modificacións memorias dos programas de doutoramento para a súa implementación no curso académico 2025/26.

Programa de Doutoramento	Interuniv.	Univ coord.	Verificación	Aut CCAA	Publicación BOE	Acreditación
Avances en Bioloxía Microbiana e Parasitaria	Non		25/09/2013	05/12/2013	11/03/2014	03/06/2022
Biodiversidade e Conservación do Medio Natural	Non		11/12/2013	21/01/2014	11/03/2014	13/03/2023
Desenvolvemento Psicolóxico, Aprendizaxe e Saúde	Si	USC	07/10/2014	06/11/2014	19/01/2015	13/03/2023
Enxeñaría Química e Ambiental	Non		25/09/2013	05/12/2013	11/03/2014	18/05/2020
Estudos Culturais: Memoria, Identidade, Territorio e Linguaxe (Reverificación)	Si	USC	23/07/2021	05/09/2014	19/01/2015	22/06/2021
Estudos Medievais	Non		20/09/2013	05/12/2023	11/03/2024	03/06/2022
Investigación Básica e Aplicada en Ciencias Veterinarias	Non		25/09/2019	05/11/2013	11/03/2014	01/07/2020
Matemáticas	Non		25/09/2013	05/12/2013	11/03/2014	18/05/2020
Medio Ambiente e Recursos Naturais	Non		11/12/2013	21/01/2014	11/03/2014	13/03/2023

O director informa dos elementos detectados na revisión da EDIUS que serán enviados os respectivos programas

Avances en Bioloxía Microbiana e Parasitaria

Informou favorablemente coas seguintes correccións:

- 1.- Dado que o requisito dun nivel B1 en inglés contemplase como un requisito específico e obrigatorio de acceso ao programa, non pode ser un baremo á hora dos criterios de admisión. Indicar, se ese é o caso, como criterio a baremar un nivel superior ao B1 en inglés.
- 2.- No apartado 5.1 “Normativa para a presentación e lectura da tese” suprimir da memoria o texto que fai referencia aos tipos de tese (páxina 16) e aos tipos de mencións, para que non haxa ningún tipo de discrepancia co novo Regulamento de Estudos de Doutoramento da USC pendente de aprobación.
- 3.- É preciso definir o perfil de ingreso e as saídas profesionais

Biodiversidade e Conservación do Medio Natural

Informou favorablemente coas seguintes correccións:

1. Engadir como documentación de admisión:
 - a. Copia titulacións de acceso
 - b. Xustificantes requisitos específicos: carta de referencia dun profesor do programa e certificado nivel de inglés.
2. O informe das estadias realizadas non debe contemplarse no apartado de criterios de calidade, senón na propia actividade formativa como mecanismo de control. Ter en conta que esa actividade non é de carácter obrigatorio.

Desenvolvemento Psicológico, Aprendizaxe e Saúde

Informou favorablemente coas seguintes correccións:

1. Revisar a denominación das actividades 3 e 4, ao incluír na actividade 3 “ámbito internacional” solapase coa actividade 4.
“ACTIVIDAD 3: Elaboración y presentación de comunicación científica oral y/o poster en reunión científica de ámbito nacional o internacional con temática relacionada con el tópico de investigación
ACTIVIDAD 4: Elaboración y presentación de comunicación científica oral en reunión científica de ámbito internacional con temática relacionada con el tópico de investigación”
2. Indicar as saídas profesionais
3. No anexo I, revisar a universidade de adscrición do profesor Miguel Pérez Pereira

Enxeñaría Química e Ambiental

Informou favorablemente coas seguintes correccións:

1. Se no apartado de criterios de calidade se requiren dúas publicacións obrigatorias, modificar a redacción para eliminar a excepcionalidade contemplada.

Estudos Culturais

Informou favorablemente coas seguintes correccións:

1. No punto 1 establecido como requisito específico do programa “1. El estudiantado con títulos extranjeros de grado no pertenecientes al Espacio Europeo de Educación Superior, podrá ser admitido, siempre que haya solicitado previamente la solicitud de equivalencia de su título, aunque no haya sido resuelta su equivalencia en el momento de la admisión” xa está contemplado dentro dos requisitos xerais de acceso e non debe acreditarse tampouco como documentación para o proceso de admisión. Polo que é preciso suprimilo como requisito e como documentación.
2. Nos criterios de calidade do programa contéplanse algúns que son derivados da normativa e que afectan a todos os programas polo que non é preciso recollelos nese apartado “Contar con 2 informes de expertos/as nacionales/internacionales que avalan la calidad y pertinencia de la tesis. • Cumplir con los contenidos mínimos de la tesis en la modalidad que se haya

elegido. • Haber realizado todos los trámites previos que permitan al programa revisar y evaluar los estándares de calidad mínimos que exigen a las tesis. (solicitud de informes a expertos nacionales y/o internacionales)”

3. No apartado de criterio de calidade suprimir os requisitos específicos para o caso de cotutelas, dado que estes estableceranse nos convenios que se formalicen *”Haber realizado en el caso de tesis de cotutela con Rennes2 80 horas acreditadas de formación. • Haber realizado estancias de investigación en el caso de tesis de cotutela (6 meses) o de mención internacional (3 meses)”*

Estudos Medievais

Informou favorablemente coas seguintes correccións:

1. Non establece ningún requisito de acceso específico do programa, é necesario incluír polo menos o recollido no modelo de memoria *“Es requisito obligatorio para la admisión en el programa de doctorado la presentación de un informe por parte del/la estudiante consistente en una carta de referencia de un(a) profesor(a) del programa que i) avale la potencial viabilidad de la futura tesis en el marco de una línea de investigación del programa a la que se vincule, y que ii) pudiese ejercer como director/a en caso de cumplir los requisitos necesarios para ello”*.

2. Establece como criterio de admisión ter un Mestrado de Estudos Medievais, pero non contempla como baremar entre alumnos que teñan esa titulación. Por outro lado, prima aos alumnos da USC fronte a solicitantes con titulacións de acceso doutras Universidades o que non é posible tendo en conta que a admisión é por concorrencia competitiva. Desde a EDIUS propónse incluír como criterio de admisión o seguinte criterio *“Es requisito obligatorio para la admisión en el programa de doctorado la presentación de un informe por parte del/la estudiante consistente en una carta de referencia de un(a) profesor(a) del programa que i) avale la potencial viabilidad de la futura tesis en el marco de una línea de investigación del programa a la que se vincule, y que ii) pudiese ejercer como director/a en caso de cumplir los requisitos necesarios para ello”*.

3. Revisar a documentación de admisión, non se corresponde cos criterios de admisión.

4. Eliminar os apartados de *matrícula tempo completo e parcial e alumnado con necesidades especiais* da páxina 11 da memoria dado que pode haber algún tipo de discrepancia co novo Regulamento de Estudos de Doutoramento da USC pendente de aprobación ou coa convocatoria de matrícula.

5. É preciso incluír a descrición das liñas de investigación.

6. Punto 3.3, redondear datos de número de estudantes.

7. Criterios de calidade, cambiar a redacción xa que non pode ser condicional e clarificar a redacción establecendo o número requirido de horas de actividades de carácter opcional que son necesarias para o depósito de teses, o texto da memoria é *“Como requisitos de calidad específicos por parte del programa podrían incluirse: - De contenidos mínimos de la tesis y de publicaciones derivadas de esta – Haber desarrollado actividades formativas de las reconocidas por el programa, distintas de las obligatorias para la modalidad de tesis presentada (25 horas)”*

Investigación Básica e Aplicada en Ciencias Veterinarias

Informou favorablemente coas seguintes correccións:

1. Indicar as saídas profesionais.

2. Incluír a descrición das liñas de investigación.

Matemáticas

Informou favorablemente coas seguintes correccións:

1. Mover do apartado criterio de admisión o texto “Para ser admitido, el candidato deberá superar al menos el 55% de la puntuación máxima” ao apartado de requisitos específicos de programa dado que no caso de cumprirse o anterior non serían admitidos polo que debe considerarse un requisito.
2. Falta por incluír como documentación a acreditación do nivel B1 de inglés.

Medio Ambiente e Recursos Naturais

Informou favorablemente coas seguintes correccións:

1. Non se pode esixir maiores criterios de calidade para as teses que optan á Mención Internacional que para as que non optan a esta mención.
2. Se é obrigatoria unha publicación no apartado de criterios de calidade, modificar a edacción para eliminar a excepcionalidade contemplada.

4. Asuntos de trámite

5. Rogos e Preguntas

Sen máis asuntos que tratar levántase a sesións as 10:30 h

O Presidente

A Secretaria

Asdo.: Pablo Taboada Antelo

Asdo.: Isabel Neira

Sinaturas dixitais / Firmas digitales / Digital signatures

Asinante/Firmante/Signer: PABLO TABOADA ANTELO, DIRECTOR DA ESCOLA DE DOUTORAMENTO INTERNACIONAL, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 09/09/2024 09:20:56.

Asinante/Firmante/Signer: MARIA ISABEL NEIRA GOMEZ, NIF ***2557**, 04/09/2024 09:36:23.

CSV: 23FA-1464-4413-A505